Visto o listado de facturas e obrigas que conforma o exppte. 3976/2017.

Visto o informe de reparo emitido pola Intervención en data 28 de xuño de 2017, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas por **Servicios Sociais San Roque SL**, por un importe total de **41.315,72 €**, que constan no expediente **3976/2017**.

Resultando que en data 5 de xullo de 2017, por parte de Alcaldía se procedeu ao levantamento do reparo formulado pola Intervención, en base aos seguinte:

“Tendo en conta que no informe referido, por parte da Intervención, se indica que:

“1. Existe consignación no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores, polo importe total de 41.315,72 €.

2. Segundo o artigo 214 do TRLRFL, a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.”

Tendo en conta o reparo suspensivo se motiva na disconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor e non consta contrato anterior para o mesmo obxecto e co mesmo provedor.

Tendo en conta que o servizo de axuda no fogar constitúe un servizo básico e indispensable para a cidadanía e que por parte deste Concello se están a levar a cabo as actuacións necesarias en aras a poder proceder á realización dun expediente de contratación para a prestación do servizo, como resulta ser a necesidade de consignación orzamentaria, necesaria para poder aprobar o referido expediente. Este Concello, en tanto non estea rematado o devandito expediente de contratación, non pode prescindir da prestación deste

---

## Concello de Viveiro



## Concello de Viveiro

---

servizo (que implicaría a desatención de necesidades sociais e básicas dunha parte importante da cidadanía).

Tendo en conta os seguintes FUNDAMENTOS:

I. Que o artigo 217 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo establece que cando o órgano ó que afecte o reparo non estea de acordo con este corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva.

II. Tendo en conta que se están a levar a cabo as actuacións necesarias e previas para poder aprobar o expediente de contratación para a prestación deste servizo.

II. Tendo en conta o Servizo de Axuda no Fogar constitúe un servizo necesario e indispensable para a cidadanía do concello, do que non se pode prescindir e que, en tanto non se leve a cabo o oportuno expediente de contratación, é preciso manter a súa prestación.

IV. Tendo en conta que se trata de facturas existentes no Concello e que polo tanto éste se atopa obrigado ao seu pagamento en virtude da teoría do enriquecemento inxusto, pola que debe existir unha correlativa compensación da Administración que recibe a prestación a favor do acreedor.

Esta Alcaldía dicta a seguinte RESOLUCIÓN:

1º.- Acordar o levantamento do reparo en base ao exposto nos fundamentos I, II, III e IV.”

Resultando que pola Alcaldía, mediante resolución de data 3 de xullo de 2015 se acordou delegar na XGL a competencia para a autorización, disposición e recoñecemento de gastos orzamentarios que requiran fiscalización previa.

Resultando que o reparo suspensivo formulado pola Intervención á mesma, foi levantado pola Alcaldía, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, recollidas na relación que figura no expediente **3976/2017**.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

### **EXPTE. 2172/2017.- CERTIFICACIÓN Nº 1 E FINAL DA OBRA DENOMINADA: "MEJORA, EFICIENCIA ENERGÉTICA Y NUEVA INSTALACIÓN DE ALUMBRADO PÚBLICO EN PÉNJAMO".**

Vista a certificación Nº 1 e final da Obra denominada "Mejora, eficiencia energética y nueva instalación de alumbrado público en Pénjamo", por importe de 30.000,00 euros, a abonar ó adxudicatario (OTELEC COSTA NORTE, S.L.) emitida polo directora de obra por substitución e fiscalizada de conformidade por intervención.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a certificación Nº 1 e final da Obra denominada: "Mejora, eficiencia energética y nueva instalación de alumbrado público en Pénjamo", por importe de 30.000,00 euros, a abonar ó adxudicatario (OTELEC COSTA NORTE, S.L.).



## Concello de Viveiro

---

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ós Departamentos de Intervención, Tesourería e Contratación para o seu coñecemento e efectos.

### **EXPTE. 4086/2017.-**

Vista a factura Nº 1 emitida por Herbronce S.L., pola cantidade de 6.393,64 euros.

Visto que na Xunta de Goberno Local de data 10 de abril de 2017 se aprobou a referida factura, conformada polo concelleiro de deportes e fiscalizada de conformidade por intervención.

Resultando que en data 27 de xuño de 2017 se presenta escrito por parte de Herbronce S.L., no que se indica o seguinte:

*“Señora Alcaldesa: por la presente queremos renunciar al cobro de la factura 17/18 presentada en su Ayuntamiento en fecha de 03/03 2017 y por un total de 6.393.64 euros, IVA incluido.*

*El motivo de la renuncia es que en infinidad de ocasiones (incontables, créame) un concejal de su corporación y un técnico, iban a pasar por mi empresa para poder empezar el trabajo.*

*Para poder iniciarlo era absolutamente necesario una serie de datos que nos tenían que dar (fotos, dirección de las flechas indicativas y la fauna y la flora de la zona a señalizar y que iría en unos paneles informativos). Pues como le señalé más arriba, nadie nos pasó ningún dato.*

*El motivo de presentar la factura fue porque nuestra empresa había comprado todo lo necesario para hacer la obra y, al no tener un lugar apropiado el Ayuntamiento, Emilio Villarrea vino a recepcionarlo un almacén que nuestra empresa tiene para tales efectos.*

*Nuestra empresa tenía todo este material pagado, pero en vista de que después de infinidad de veces que solicitamos que nos pasasen datos para poder ejecutar la señalización y no recibimos respuesta alguna, devolvimos toda la mercancía aun a costa de haber sufrido un revés económico importante.*

*Por diversos motivos nuestra empresa cierra el treinta del presente mes y por lo tanto es ya imposible que realicemos el trabajo.”*

Resultando que se trata dunha factura aprobada pola Xunta de Goberno, previamente conformada e fiscalizada, referente ao suministro de material, non incluíndo nos conceptos facturados á súa colocación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, e previo ao inicio do expte que corresponda, acorda:

Primeiro.- Requerir ao concelleiro de deportes a emisión de informe, no prazo de dez días, respecto ao suministro de material correspondente coa factura nº 1 emitida por Herbronce S.L., por importe de 6.393,64 euros.

Segundo.- Dar traslado do presente expte. ao Departamento de Intervención para o seu coñecemento e efectos.

---

## Concello de Viveiro

## Concello de Viveiro

---

### 7.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

#### EXPTE. 3212/2017.-

Vista a solicitude de licenza presentada por D. JAVIER BERDEAL MOURELOS para executar obras de CONSTRUCCIÓN DE NAVE PARA USO DE ALMACEN AGRÍCOLA no LG VENTOSELLE-COVAS, nas fincas de referencias catastrais 27067A025013040000XH e 27067A025003030000XW.

Coa solicitude achegou a seguinte documentación:

- 1
- Memoria descritiva, construtiva e urbanística das obras de CONSTRUCCIÓN DUNHA NAVE DE PLANTA BAIXA PARA ALMACÉN AGRÍCOLA, para dotar á vivenda do promotor (emprazada en parcela distinta das descritas, segundo se dí na Memoria) dun espazo no que almacenar os útis e ferramentas así como as materias primas procedentes dun horto familiar destinado a autoconsumo. A memoria plantea unha nave de 120 metros cadrados distribuídos en dous locais libres e un aseo, con cerramento de bloque de formigón, revestido para posterior aplicación de pintura e alicatado do aseo.

Constan no informe emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, os seguintes antecedentes:

O 30 de xuño de 2017 emitíu informe o arquitecto municipal, desfavorable á solicitude formulada polo interesado; despois dunha análise pormenorizada da documentación técnica presentada e da normativa urbanística aplicable, o técnico municipal remata concluíndo a non adecuación das actuacións propostas á lexislación urbanística e ao planeamento.

A modo de resume e para evitar innecesarias repeticións, neste caso danse ao seu xuízo, as seguintes circunstancias que impiden o outorgamento da licenza solicitada:

- 1
- Dadas as características construtivas da nave proposta, os materiais empregados, acabados, dimensións, volume e aspecto exterior da edificación proxectada, ésta parece mais propia de entornos industriais ou grandes explotacións agrícolas ou gandeiras (o que non casaría co destino da nave que se describe na Memoria, é dicir, almacén agrícola para utis, ferramentas e produtos procedentes dun horto familiar destinado ao autoconsumo). Pola mesma razón, a edificación proxectada non responde ás características edificatorias do medio rural galego

-O solo no que se pretende edificar a nave para uso de almacén agrícola clasifícase como solo rústico especialmente protexido, solo no que a normativa vixente exige cumprir, entre outras condicións de edificación, a harmonización das construcións coa paisaxe rural e coas construcións do contorno; a nave proposta, segundo o técnico municipal, non responde ás características das construcións de apoio ás explotacións hortícolas do contorno nin ás propias dos almacéns agrícolas destinados á garda de utis, ferramentas e materias primas de horticoltura para o autoconsumo. Por outra banda, a nave proxectada non responde ás características, dimensións e configuración propias do medio rural galego, no que se prohíbe que as construcións contén con instalacións propias das vivendas (como serían neste caso, as medidas das portas e fiestras exteriores, a instalación dun aseo con ducha, auga quente e fría ou a instalación dunha rede de saneamento coa colocación dunha fosa séptica de uso doméstico con filtro ecolóxico, elementos característicos dun uso residencial ou de recreo).

## Concello de Viveiro

---

Visto o informe técnico desfavorable emitido polo arquitecto municipal, que literalmente di:

“Clasificación do solo:

A clasificación do solo segundo a OUP é solo rústico especialmente protexido. Ordenanza de aplicación 9.

Descrición das obras a realizar

Achégase documentación para a construción dun almacén agrícola, asinada polo enxeñeiro técnico agrícola José María Fernández Andia.

Unha vez analizada a documentación presentada, e avaliadas as obras propostas destácase o seguinte:

1.- Referido á parcela

A parcela na que se pretende construír a edificación sitúase en solo rústico especialmente protexido non vinculado a algunha explotación nin a algunha edificación existente. Corresponde coa referencia catastral nº 27067A025013040000XH e non conta con acceso á vía pública.

Adxacente a esta figura a parcela coa referencia catastral nº 27067A025003030000XW que da fronte á vía LU-P 66-03, titularidade da Deputación de Lugo. Como se desprende do anterior as parcelas non se atopan agregadas.

Figura no expediente un documento privado no que se agrupan as dúas fincas. As parcelas no seu conxunto suman unha superficie de 9.251 m<sup>2</sup>.

O seu uso principal é prados ou praderas.

2.- Referido á edificación

Preténdese a construción dun almacén agrícola, de 120,00 m<sup>2</sup> de superficie construída, cunha altura de cornixa de 3,69 m. e unha altura de cumieira de 4,50 m. Plantéxase dividida interiormente en dúas partes.

A estrutura está composta de pórticos prefabricados metálicos e correas metálicas anclados nunha cimentación realizada con zapatas e xunchos de formigón armado. Os cerramentos dispóñense de bloque de formigón gris tomado con morteiro de cemento e a cuberta con chapa de aceiro prelacadas de cor negra. A carpintería exterior resólvese con chapas de aceiro galvanizado, a porta basculante realízase en perfilería e chapa de aceiro galvanizada e lacada, as fiestras correderiras e unha porta de acceso peatonal serán de aluminio lacado. Conta con instalación eléctrica con puntos de luz e base de enchufes, (non se define o número deles), así como instalación de fontanería con rede de auga quente, (termo eléctrico ou quencedor de gas), e fría para abastecemento dos locais e dun aseo dotado de ducha inodoro e lavado.

3.- Referido á documentación achegada

Como se recolle na documentación achegada, o redactor da mesma, o enxeñeiro técnico agrícola, José María Fernández Andia, refírese na memoria, á “construción de *una nave de planta baixa para almacén agrícola, con el fin de dotar a la vivienda del promotor (emplazada en parcela distinta en las inmediaciones)*”.

Ao referirse a unha nave en planta baixa queda de manifesto que non se trata dun pequeno almacén de uso particular para apoio a unha pequena explotación hortícola de carácter doméstica. Non se recolle na documentación achegada existencia de ningún horto familiar, nin explotación agropecuaria. Do mesmo xeito non aparece recollido na documentación aportada a localización da vivenda do promotor, quedando a acreditación da súa existencia de todo o anterior nunha simple manifestación.

As características constructivas descritas, o emprego dos materiais, os acabados, as dimensións, o volume e o aspecto exterior da edificación son propios de entornos industriais ou de grandes explotacións agrícolas/ou gandeiras que no é o caso que nos ocupa agora.

Cabe destacar que a edificación divídese en dúas partes ben diferenciadas. Aproximadamente ao centro da planta da edificación dispónse un tabique que separa en almacén 1 e almacén 2. O referido almacén 1 conta sómente cunha porta de acceso ao exterior dunha folla e de catro fiestras corredeiras de 1,50x1,20 m. con alfeizar, de dimensións e características propias dunha edificación residencial. A maiores conta con cuarto de aseo con ducha, lavabo e inodoro, ventilado por medio dunha fiestra de dimensións similares ás anteriores, non propio dun almacén agrícola. Este almacén 2 comunícase interiormente co almacén 1 por medio dunha porta dunha folla igual á anterior e exteriormente cunha porta de chapa galvanizada de 3 metros de ancho.

## Concello de Viveiro

---

Falase na memoria dos revestimentos tanto exteriores como interiores definindo un enfoscado/fratasado para a posterior aplicación de pintura tanto exterior como interior así mesmo como o alicatado dos paramentos verticais do aseo.

Plantéxase a instalación dunha rede de saneamento coa colocación dunha fosa séptica de uso doméstico con filtro biolóxico.

4.- Referido á normativa urbanística

O solo no que se pretende implantar a “almacén agrícola”, está clasificado como solo rústico de especial protección entendendo que a normativa en vigor non xulga axeitado para a súa edificación sen ter en conta os valores do contorno e do medio no que se atopa. Cabe salientar que o planteamento da proposta non é nada conciliadora co medio natural na que se pretende colocar. Si ben é certo que este tipo de construcións proliferaron no solo rústico deberase ter en conta que responden as circunstancias dunha época que se entende superada dende a lexislación urbanística e que se debe entender superada socialmente. A tendencia e o marco normativo limitan a construcións de edificacións con características propias dun entorno industrial, Lei 2/2016 e o regulamento que a desenvolve, Decreto 143/2016.

Tendo en conta o anterior, o marco normativo actual e avaliando as dimensións e características da edificación que se pretende executar, a morfoloxía do contorno e a necesidade de adaptación ao ambiente, cabe dicir que non se dá cumprimento ao establecido, considerando que non se trata dunha construción agrícola en xeral destinada ao apoio das explotacións hortícolas, nin un almacén agrícola “*de útiles, herramientas y materias primas de horticultura de autoconsumo*”, [punto 1.5 da memoria descritiva achegada], si non máis ben dunha “*nave de planta baixa para almacén agrícola*” [punto 1.3 da memoria descritiva achegada].

Non responde ás características, dimensións e configuración propias do medio rural galego, estando prohibido que as construcións amparadas nos usos permitidos en solo rústico para almacén agrarios contén con instalacións propias das vivendas ao ser este, o uso residencial ou de recreo, un uso prohibido pola normativa en vigor.

Non se prevee establecer ningún tipo de medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia sobre o territorio. Non se contemplan as actuacións previas sobre a parcela como accesos e os movementos de terra para a súa implantación. A parcela contaría con acceso a través doutra parcela que á súa vez da fronte á vía de titularidade da Deputación de Lugo.

### CONCLUSIÓN

Tendo en conta todo o dito anteriormente e atendendo á normativa aplicábel emítese INFORME DESFAVORÁBEL.”

Visto o informe xurídico favorable emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo.

No informe xurídico referido sinálase o seguinte:

- Procedemento e documentación

\* Os artigos 142 LSG e e 351.1, letra a) do Regulamento LSG, suxeitan a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, entre outros, os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, consonte a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen proxecto de obras de edificación.

A normativa aludida nos citados preceptos é a Lei de Ordenación da Edificación que exige a redacción de proxecto para a construción de edificios cuio uso principal sexa, entre outros, o agropecuario.

O proxecto técnico, conforme dí o artigo 353 LSG, deberá definir as actuacións que se van a realizar, co suficiente contido e detalle para permitirlle á Administración coñecer o seu obxecto e decidir si se axusta ou non á normativa aplicable. Entre outros aspectos, terá que xustificar tecnicamente as solucións propostas de conformidade coas especificacións requiridas pola normativa técnica aplicable; e contar unha memoria urbanística -como documento específico e independente- indicando a finalidade e o uso da construción, razoándose a súa adecuación á ordenación vixente, con expresa indicación da clasificación e

## Concello de Viveiro

---

calificación do solo e da normativa e ordenanzas aplicables nel; igualmente desenvolverá os argumentos necesarios para xustificar o cumprimento do preceptuado no artigo 216 (adaptación ao ambiente e protección da paisaxe). E igualmente conterá unha memoria xustificativa do cumprimento das condicións previstas na normativa sectorial.

A documentación técnica achegada coa solicitude non é a definida para este tipo de edificacións na Lei de ordenación da edificación, nin na LSG e no seu Regulamento, que exigen un proxecto técnico co contido regulamentariamente establecido, asinado por técnico competente e visado, ao que se achegará tamen oficio de dirección das obras.

- Analise da adecuación da proposta construtiva á normativa urbanística e planeamento

O obxecto da solicitude é a construción unha nave para uso de almacén agrícola ubicada en solo rústico especialmente protexido.

A Lei do solo de Galicia regula, no artigo 35, os usos e actividades admisibles en solo rústico, e dentro deles mencionanse [letra g)] as construcións e instalacións agrícolas en xeral, tales como as destinadas ao apoio das explotacións hortícolas, almacéns agrícolas, talleres garaxes, parques de maquinaria agrícola, viveiros e invernadoiros;

Respecto destas construcións e instalacións, o artigo 50 do Regulamento da Lei do solo de Galicia establece que "estas construcións e instalacións responderán ás características, dimensións e configuracións propias do medio rural galego. En ningún caso poderán destinarse a uso residencial ou de recreo, polo que queda prohibido que contén con instalacións propias das vivendas "

A proposta construtiva, segundo se describe detalladamente no informe do arquitecto municipal, inclúe elementos que vulneran a prohibición expresa antedita, contendo características construtivas propias do uso residencial, polo que non se adecúa á normativa urbanística galega.

- Outras consideracións xurídicas derivadas do expediente

Segundo a documentación achegada polo interesado, a nave proposta ubicaríase sobre una finca catastral (de 7,363 m<sup>2</sup>) que carece de acceso a vía pública; a fin de dotala de tal servizo, o promotor presenta copia dun documento privado, datado o 2 de febreiro de 2017, polo que agrupa aquela finca coa colindante (de 1,861 m<sup>2</sup>) tamén da súa propiedade, que sí conta co citado acceso a vía pública.

Segundo as certificacións catastrais incorporadas ao expediente, trátase de dúas fincas catastrais.

A agregación de fincas é un acto non suxeito a licenza municipal nin a comunicación previa. Non obstante, de acordo co disposto nos artigos 39 da LSG e 59 do seu Regulamento, para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística para calquera clase de edificacións no solo rústico, deberá xustificarse o cumprimento das seguintes condicións (...) *Farase constar no rexistro da propiedade a vinculación da superficie exixible á construción e ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e á edificabilidade impostas polo título habilitante de natureza urbanística ou a autorización autonómica.*

Tampouco se acredita no expediente o cumprimento da desta condición.

Conclúe o informe xurídico sinalando que visto canto antecede, este servizo considera que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que a licenza pretendida NON é conforme coa lexislación urbanística e o planeamento, procedendo a súa desestimación pola Xunta de Goberno Local en virtude da delegación de atribucións efectuada pola Alcaldía mediante resolución do 3 de xullo de 2015.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en base aos antecedentes



## Concello de Viveiro

---

obrantes no expediente e en base á proposta de resolución emitida pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, acorda:

Primeiro.- Denegar a licenza de obras para CONSTRUCCIÓN DE NAVE PARA USO DE ALMACEN AGRÍCOLA no LG VENTOSELLE - COVAS, nas fincas de referencias catastrais 27067A025013040000XH e 27067A025003030000XW, solicitada por JAVIER BERDEAL MOURELOS polas razóns expostas nos informes técnico e xurídico do expediente.

Segundo.- Dar traslado do expediente á Tesourería municipal para que practique a liquidación tributaria que corresponda, toda vez que o solicitante non ingresou a taxa de licenza urbanística regulada na Ordenanza fiscal municipal nº 5.

Terceiro.- Dar traslado da presente resolución ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan.

### **8.- PROPOSTAS DE GASTOS.**

Vistas as propostas de gasto presentadas polos Concelleiros, coa fiscalización previa de conformidade pola Intervención, certificando a existencia de crédito, cos números de expedientes: EXPTE. 4095/2017.- EXPTE. 4090/2017.- EXPTE. 4088/2017.- EXPTE. 4085/2017.- EXPTE. 4084/2017.- EXPTE. 4083/2017.- EXPTE. 4087/2017.- EXPTE. 4016/2017.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a autorización dos referidos gastos.

Segundo.- Dar conta do presente acordo ao Departamento de Intervención e ós concelleiros proponentes das propostas de gasto aprobadas.

### **9.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN.**

#### **EXPTE. 4173/2017.-**

Vista a Resolución de 16 de xullo de 2017 da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE) con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017. (DOG nº 119, de 23 de xuño de 2017).

Visto o escrito presentado pola Directora do Centro de Información ás

---

### Concello de Viveiro

## Concello de Viveiro

---

Mulleres para a aprobación do proxecto presentado polo departamento de subvencións para solicitar a referida subvención, cos condicionantes establecidos na referida resolución, indicando que a Xunta de Goberno Local debe adoptar acordo sobre os seguintes puntos:

- Solicitar axuda do Programa de apoio aos CIM e aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na convocatoria.
- Designar a D<sup>a</sup>. Margarita Fernández Franco, como Directora do Centro de Información ás Mulleres de Viveiro, para as funcións de coordinación e comunicación coa Secretaría Xeral da Igualdade.
- Financiar o custo das accións obxecto de axuda que non resulte financiado pola Secretaria Xeral da Igualdade para a súa completa realización, co límite das existencias orzamentarias municipais establecidas para tal fin.

Visto o informe do Departamento de Intervención, no que se manifesta

“Que en base ao artigo 11 da orden mencionada, os custos non subvencionables que este Concello poñerá disposición de financiamento séran consignados nas aplicacións orzamentarias 2314-130 ; 2314-16000 e 2314-22799 do exercicio 2017.

De acordo co artigo 110.2 TRLCSP, e a base 28 de execución do Orzamento Xeral, queda supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e á cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Solicitar a subvención ao abeiro da Resolución de 16 de xullo de 2017 da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE) con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017. (DOG nº 119, de 23 de xuño de 2017).

Segundo.- Autorizar a D<sup>a</sup>. Margarita Fernández Franco, como Directora do Centro de Información ás Mulleres de Viveiro, para as funcións de coordinación e comunicación coa Secretaría Xeral da Igualdade.

Terceiro.- Financiar o custo das accións obxecto de axuda que non resulte financiado pola Secretaria Xeral da Igualdade para a súa completa realización, co límite das existencias orzamentarias municipais establecidas para tal fin.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo á Directora do Centro de Información ás Mulleres de Viveiro, para a súa tramitación.

### **PUNTOS INCLUIDOS NA ORDE DO DÍA POR URXENCIA.**

Por parte da Sra. Alcaldía propónse a inclusión na presente sesión da Xunta de Goberno Local, de varios asuntos de carácter urxente:



## Concello de Viveiro

---

- Expediente de contratación. Procedemento: “Aluguer de equipos informáticos para o Concello de Viveiro”.
- Expediente de contratación. Procedemento: “Servizo de actualización e mantemento catastral do Concello de Viveiro /Período 2017/2019”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda ratificar a urxencia dos asuntos propostos para a inclusión na presente sesión, tendo en conta os seguintes datos:

Respecto ao primeiro asunto, o Servizo de Contratación aporta a decisión adoptada pola Mesa de Contratación en sesión de 5 de xullo de 2017, relativa á solicitude de cambio de equipos e monitores proposta pola empresa "Herbecon Systems S.L.", adxudataria do contrato denominado "Aluguer de equipos informáticos para o Concello de Viveiro", atopándose pendente de resolución a modificación de equipos proposta pola empresa adxudataria, o que impide o inicio da prestación do suministro, e tendo en conta o mal estado de parte dos equipos informáticos e os continuos problemas que isto xera, considérase pola Xunta de Goberno urxente a tramitación do presente expte,

Respecto ao segundo asunto, neste momento atópase sen contrato, sendo urxente a súa contratación tendo en conta as obrigas establecidas no convenio asinado por este Concello coa Dirección Xeral de Castastro en materia de xestión catastral considérase pola Xunta de Goberno urxente a tramitación do presente expte.

### **EXPTE. 4311/2016.-**

Vista a acta da mesa de contratación celebrada o día 5 de xullo de 2017 para dar conta do escrito presentado por D. Sergio Becerra Cabrera, representante da empresa adxudataria “Herbecon Systems, S.L.”, para cambio de equipos e monitores e informe do informático municipal relativo ao asunto.

Visto o informe emitido polo responsable de informática do Concello, no que manifesta que:

“Por dicha empresa se propone el cambio de marca de los equipos pasando de unos equipos de la marca DELL modelo Vostro 3050 SFF con procesador intel Core i5-6400 con 12Gb DDR3L 1600 Mhz (ampliables a 16GB) con unidades de disco SSD 128GB y HDD 500GB, cambiándolos por ordenadores de la marca Lenovo ThinkCentre SFF con procesador Intel Core i5-6400 con 12Gb DDR4 2133 Mhz (ampliables a 32GB) con unidades de disco SSD 128GB y HDD 500GB.

En cuanto al cambio de equipos destacar que lo que se gana en el cambio es la velocidad de la memoria y la posibilidad de ampliación de la misma, por lo demás los equipos en cuestión son de características similares.

También propone el cambio de monitores, pasando de un AOC E970SWN de 18.5” y una resolución de 1366 x 768 a 60Hz con un brillo de 200 cd/m2 y panel LED VA por unos monitores Lenovo E2054 de 19.5” y una resolución de 1440 x 900 a 60hz y un brillo de 250 cd/m2 y panel LED Ips.

---

### Concello de Viveiro

## Concello de Viveiro

En cuanto al cambio de monitores pasaríamos a tener monitores de 19.5" en lugar de los de 18.5" que figuraban en la oferta inicial, también la resolución de la pantallas pasaría de 1366 x 768 a 1440 x 900 ambas de 60 Hz y la tecnología Ips en principio tiene un ángulo de visión mas amplio."

Vista a acta da Mesa de Contratación de data 5 de xullo de 2017, na que se indica que "dada conta dos novos equipos e monitores ofertados, e tendo en conta que segundo consta no infoerme emitido polo informático municipal e segundo o indicado polo mesmo, os equipos e monitores ofertados contan con características superiores aos que constaban na oferta, os membros da Mesa, deciden:

1. Aceptar os novos equipos e monitores ofertados pola empresa adxudicataria do contrato.
2. Dar conta desta decisión ao órgano de contratación, que para este expediente é a Xunta de Goberno Local, por variar o cambio dos novos equipos e monitores os que serviron de referencia á adxudicación do contrato."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aceptar os novos equipos e monitores ofertados pola empresa adxudicataria do contrato.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Servizo de Contratación, os efectos oportunos e para a continuidade do expediente.

### **EXPT. 2259/2017.- REQUERIMENTO DE DOCUMENTACIÓN PREVIA A ADXUDICACIÓN.**

Vistos todos os antecedentes do expediente para a contratación denominada "*Servizo de actualización e mantemento catastral do Concello de Viveiro / Período 2017-2019*" (Expte. CT 5/2017).

Vistas as actas da Mesa de Contratación municipal correspondentes ás sesións levadas a cabo os días 6 de xuño e 5 de xullo de 2017, nas que reflicten, entre outros extremos, as empresas invitadas, as presentadas, as excluídas e as admitidas ao procedemento.

Resultando que, segundo consta na acta da Mesa de Contratación de data 5 de xullo de 2017, as ofertas presentadas polos licitadores, logo do acto de negociación, foron as seguintes:

	<b>CONCEPTOS</b>	<b>IBERCAT</b>	<b>DEPLAT</b>
1	Tramitación de expedientes 902-N, 903-N e 904-N	45	56
2	Unidades urbanas tramitadas con modificación de superficie (colindantes)	0	0
3	Unidades urbanas tramitadas como "baixa"	0	0
4	Unidades de carácter rústico 903-N	14	0

<b>MEDIAS ARITMÉTICAS</b>	<b>14.75</b>	<b>14</b>
---------------------------	--------------	-----------

Resultando que en base ás ofertas sinaladas e segundo os criterios de puntuación establecidos no prego a puntuación obtida polas empresas foi a



## Concello de Viveiro

---

seguinte:

IBERCAT	DEPLAT
47,46	50

Vista a proposta de adxudicación do contrato efectuada pola Mesa de Contratación en sesión de 5 de xullo de 2017, a favor da empresa "Deplat, S.L.", coa seguinte oferta:

	CONCEPTOS	DEPLAT
1	Tramitación de expedientes 902-N, 903-N e 904-N	56
2	Unidades urbanas tramitadas con modificación de superficie (colindantes)	0
3	Unidades urbanas tramitadas como "baixa"	0
4	Unidades de carácter rústico 903-N	0

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Requerir a empresa "Deplat, S.L.", con CIF núm. B-36468379, para a presentación da documentación previa á adxudicación do contrato, polo prazo de dous anos, consonte ao establecido na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares, outorgándolle para os devanditos efectos un prazo de dez días hábiles.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Contratación para a continuidade do expediente ata a súa conclusión.

### **10.- ROGOS E PREGUNTAS**

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 15:20 horas do día 10 de xullo de 2017, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu Secretaria dou fe.